

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE MUGARDOS O DÍA 15 DE XULLO DE 2010.**

Na Sala de Comisións da casa do concello de Mugar dos, ás nove horas e tres minutos do día quince de xullo do ano dous mil dez, previa convocatoria e citación ao efecto, reúnese, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, a Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do sr. Alcalde-Presidente D. Xosé Fernández Barcia, coa asistencia das/os concelleiras/os, D. José Juan Roca Lorenzo, D. José Antonio Bouza Rey, D<sup>a</sup>. Angeles Díaz Prados e D<sup>a</sup> Gloria Fornos Bastida. Asiste tamén a interventora municipal, Dna. Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario, o funcionario auxiliar administrativo, D. Diego Seijo Alonso, en virtude do nomeamento efectuado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 453/2010, de 09.07.2010.

Aberta a sesión pola presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 01.07.2010**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión extraordinaria realizada o día 01.07.2010.

### **DECLARACIÓN DE URXENCIA:**

Ao amparo do disposto no artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal, polo Sr. Alcalde propónse a inclusión por motivo de urxencia do asunto "INICIO DE PROCEDIMENTO DAS NORMAS REGULADORAS DA ACTUACIÓN E PROCEDIMENTO A SEGUIR POLAS ENTIDADES DE DEPÓSITO COLABORADORAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE TRIBUTOS DE COBRO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA E DE AUTORIZACIÓN PARA PRESTAR O SERVIZO DE ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL PREVIA FIRMA DO CORRESPONDENTE CONVENIO", debido á necesidade de iniciar os trámites con entidades de depósito para acadar un acordo de colaboración na recadación de tributos de cobro periódico e notificación colectiva, e a Xunta de Goberno Local, acorda:

1º.-Por unanimidade e, polo tanto, co quorum esixido polo citado artigo 80 do Regulamento Orgánico Municipal e 51 do R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, declarar de urxencia o asunto "INICIO DE PROCEDIMENTO DAS NORMAS REGULADORAS DA ACTUACIÓN E PROCEDIMENTO A SEGUIR POLAS ENTIDADES DE DEPÓSITO COLABORADORAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE TRIBUTOS DE COBRO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA E DE AUTORIZACIÓN PARA PRESTAR O SERVIZO DE ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL PREVIA FIRMA DO CORRESPONDENTE CONVENIO", e incluílo na orde

do día como punto núm. 5.

## **2.- CERTIFICACIÓN DE OBRA E ACTA DE RECEPCIÓN**

### **CERTIFICACIÓN Nº 1-ÚLTIMA DA OBRA DE "ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE", INCLUÍDA NA SEGUNDA FASE DO PAC 2-2009**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe da intervención municipal, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á certificación nº 1- última da obra de "ACONDICIONAMENTO E REPARACIÓN DE CAMIÑOS NO CASCO URBÁN, O CASTRO, O SEIXO E SESELLE ", incluída na segunda fase do PAC 2-2009, por importe de SETENTA E CATRO MIL CINCOCESTOS TRINTA E SETE EUROS CON SESENTA CÉNTIMOS (74.537,60 €), con cargo á partida 2010.1.454.0.61901 do orzamento vixente, así como á factura correspondente a dita certificación.

2º.- Prestar aprobación á acta de recepción da devandita obra, de data 30.06.2010.

## **3.- APROBACIÓN DO GASTO**

Tendo en conta a relación de gastos elevada pola concelleira de Facenda e Patrimonio, previa fiscalización da Intervención municipal, obrante no expediente, e en base á delegación prevista no punto 5 do apartado terceiro da Resolución da Alcaldía 373/2007, de 19 de xuño de 2007, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Prestar a súa aprobación á seguinte relación de gastos para a súa autorización, disposición e recoñecemento da obriga nun só acto en virtude do establecido no apartado 22º das Bases de Execución do Orzamento de 2010, coa aplicación presupostaria, natureza do gasto e importe que a continuación se detalla:

<b>Rex.</b>	<b>Fact</b>	<b>Partida</b>	<b>Proveedor e Concepto</b>	<b>Importe</b>
468	260110	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE A ALUMEADO PUBLICO,22.12.09/25.01.10	4.248,32 €
712	993	2010.0.162.0.22710	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, ABRIL	9.635,33 €
757	143	2010.0.165.0.22713	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO, ABRIL	3.060,29 €
793	V01/2411	2010.0.330.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS, PINTURA, INFORMATICA E MUCICA, ABRIL	7.821,89 €
795	V01/2412	2010.0.340.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS DEPORTIVAS, ABRIL	3.476,90 €
800	10196	2010.0.230.0.62202	PROYFE,S.L. PROXECTO EDIFICIO PARA ALBERGAR CENTRO RECUPERACION (FEESL 2010)	7.535,20 €

811	697	2010.0.920.0.22110	LAGOA Y FREIRE, S.L. MATERIAL LIMPEZA DE EDIFICIOS	3.486,89 €
812	202187596	2010.0.161.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 51.017M3 DE AUGA POTABLE, ABRIL	7.751,52 €
837	MG 05/2010	2010.0.321.0.22714	ANA NAYA GARCIA, S.L. SERVIZO PUBLICO ATENCIONA INFANCIA, MAIO	5.995,47 €
856	0	2010.0.320.0.22100	ATELIER ELECTRICIDADE ESCOLAS .21.01/24.02.2010	3.553,07 €
858	0	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE ALUMEADO PUBLICO,02.12.99/24.02.2010	4.083,12 €
865	160310	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE ALUMEADO PUBLICO, 10.02/15.03.2010	5.344,72 €
866	010310	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE ALUMEADO PUBLICO,02.12.09/11.02.2010	7.954,46 €
875	120210	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE ALUMEADO PUBLICO,02.12.09/11.02.2010	3.886,14 €
889	5/2010	2010.0.934.0.22708	SERVICIO DE COLABORACION INTEGRAL COLABORACION XESTION RECADATORIA, MAIO	7.980,88 €
890	1280	2010.0.162.0.22711	SOGAMA, S.A. TRATAMENTO RU PLANTA DE NARON, MAIO	9.815,00 €
895	14	2010.0.920.0.22604	GERMAN ACCION LOPEZ MINUTA PROCEDIMENTO ORDINARIO, 73/08	7.380,05 €
897	202208725	2010.0.161.0.22101	EMPRESA MIXTA DE AUGAS DE FERROL, S.A. SUBMINISTRO DE 57.081 M3DE AUGA, MES MAIO	8.782,28 €
925	10250	2010.0.150.0.22706	PROYFE,S.L. DIRECCION OBRA ACONDICIONAMENTO E MELLORA PAVILLON	5.169,53 €
935	0043/10	2010.0.230.0.22612	SOLIDARIDADE GALEGA CO POBO SAHARAUI CONVENIO PROGRAMA VACACIONES EN PAZ 2010	4.140,00 €
941	270510	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE ALUMEADO PUBLICO,09.02/01.04.2010	5.721,10 €
959	0	2010.0.161.0.76200	CONCELLO DE ARES 25% ADQ. FINCAS E ASIST.TECNICA, SANEAMENTO ZON R	9.475,43 €
973	V01/2478	2010.0.330.0.22715	SIDECU, S.L. MONITOR ESCOLAS INFORMATICA E MUSICA, MAIO	7.121,97 €
974	V01/2479	2010.0.340.0.22715	SIDECU, S.L. MONIOTR ESCOLAS DEPORTIVAS, MES MAIO	3.722,55 €
983	164	2010.0.165.0.22713	CALSOMATU,S.L. MANTEMENTO E CONSERVACION ALUMEADO PUBLICO,MAIO	3.060,29 €
987	011/2010	2010.0.450.0.21000	JUAN F. PREGO GALEGO/EXCAFERROL TRABALLOS DE PALA MIXTA E TRACTOR	4.025,78 €
991	178	2010.0.165.0.22713	CALSOMATU,S.L. REVISION E MANTEMENTO INCREMENTO PUNTOS LUZ	6.840,57 €

1005	107/2010	2010.0.230.0.22610	AVALIA GRUPO DE COORDINAC OBRADOIRO DE HABILIDADESSOCIAIS, XANEIRO-MAIO 201	3.700,00 €
1006	410423103	2010.0.165.0.22100	GAS NATURAL S.U.R, S.A./FENOSA ELECTRICIDADE ALUMEADO PUBLICO,11.02/07.04.2010	3.069,80 €

#### **4.-LICENZAS DE OBRA**

Tendo en conta os informes emitidos polos/as técnicos/as municipais así como o ditame da comisión informativa de urbanismo e industria, a Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda conceder, sen perxuício de terceiros e deixando a salvo o dereito de propiedade, e previa aprobación da liquidación do imposto correspondente, as seguintes licenzas de obras:

Será requisito imprescindible en todas as obras dispor, ao pé da obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas maiores a colocación de cartel indicador no que se faga consta-lo nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

#### **LICENZAS DE OBRAS MAIORES:**

- **Dna. JOSEFINA TOIMIL RABINA en representación de COMUNIDADE DE PROPIETARIOS R/ REAL NÚM. 3 (EXPTE. 204/2009) segundo solicitude de data 9 de decembro de 2009**, para reposición de cuberta, en R/ Real núm. 3, referencia catastral: 0225802NJ6102N, segundo proxecto básico e de execución visado polo C.O.A.G. en data 16.11.2009, redactado polos arquitectos D. Miguel A. Abad Blanco e D. Antonio Deus Álvarez, e documentación complementaria (N.R.E. 847/19.02.2010) visada polo C.O.A.G. en data 28.01.2010. **Unha vez obtida a autorización do Servizo de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo de data 12.05.2010.**

A parcela onde está situada ten a cualificación de SU-BD, Solo Urbano de Casco Antigo (SU-CA), polo PXOM.

O edificio atópase fóra de ordenación por non axustarse ás condicións establecidas nos artigos 202 e 203 do PXOM, en particular, as condicións de altura e cuberta.

A obra consistirá na demolición da cuberta e a substitución completa de estrutura e cubrición, sen intervir nas fachadas do baixo cuberta.

A obra é autorizable no marco do artigo 49.3 do PXOM, relativo a obras en edificios fóra de ordenación consistentes en obras parciais de consolidación.

As condicións urbanísticas son:

Ámbito de aplicación	Delimitación en planos do PXOM: vila de Mugardos e O Seixo	
	Parámetros urbanísticos	Proxecto
Usos permitidos	Entre outros: vivenda en todas as súas formas, agás a vivenda unifamiliar illada; garaxe-aparcadoiro nas categorías 1ª, 2ª e 3ª.	Vivenda en edificio plurifamiliar e garaxe en categoría 2ª.

Tipoloxía	Coincidirán coas existentes na zona.	Edificio de vivendas (unha en planta baixa e 1ª, outra en planta 2ª e trasteiros)
Parcela mínima	Non se establece.	A existente.
Aliñacións	As existentes.	As existentes.
Altura máxima	B + 2 e 10 m.	A existente.
Cubertas	Pendente < 30 ° e 3,60 m. de altura de cumbreira. Prohíbense os petos en fachada. O beirado sobresairá máximo 30 cm. dende o voo permitido. Materiais de cubrición tradicionais. Outras condicións, as xerais do art. 84 modificado.	Cumpre. Altura de cumbreira: 3,40 m. < 3,60 m. Altura do baixo cuberta: a existente.
Baixo cubertas	Uso residencial vinculado á vivenda.	Faiado para trasteiros, uso non residencial
Voos	Permitidos segundo o largo da rúa.	Os existentes
Composición de fachadas	Ocos de eixo vertical dominante que formarán balcóns e galerías; reixas análogas ás do contorno. Fachadas en pedra ou revoco; carpinterías non anodizadas. Sotos, semisotos e plantas baixas integrados no conxunto da edificación.	A existente

O orzamento da execución material das obras ascende á cantidade de 10.500,00 €

Os arquitectos directores da obra son os mesmos que os redactores do proxecto D. Antonio Deus Álvarez e D. Miguel A. Abad Blanco, e o arquitecto técnico director é D. Miguel Ángel Rodríguez Paz.

Prazo de inicio: 6 meses.

Prazo de execución: 24 meses.

Rematada a obra deberá solicitar a licenza de 1ª utilización.

O interesado, tras obter a pertinente licenza de obras, está obrigado a notificar oficialmente ao Concello, cun mínimo de 7 días de antelación, o inicio das obras correspondentes ao proxecto aprobado.

**5.- INICIO DE PROCEDEMENTO DAS NORMAS REGULADORAS DA ACTUACIÓN E PROCEDEMENTO A SEGUIR POLAS ENTIDADES DE DEPÓSITO COLABORADORAS EN MATERIA DE RECADACIÓN DE TRIBUTOS DE COBRO PERIÓDICO E NOTIFICACIÓN COLECTIVA E DE AUTORIZACIÓN PARA PRESTAR O SERVIZO DE ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN**

**RECADATORIA MUNICIPAL PREVIA FIRMA DO CORRESPONDENTE  
CONVENIO**

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta a proposta formulada pola Alcaldía en data 12.07.2010, obrante no expediente, por unanimidade, acorda:

**Primeiro.**- Iniciar o procedemento a estos efectos con as seguintes entidades bancarias:

CAIXA GALICIA  
BANCO PASTOR  
BANCO SANTANDER

E, en consecuencia, remitirilles a documentación precisa.

Sen máis asuntos para tratar, ás nove horas e dezasete minutos do día ao comezo sinalado, pola Presidencia levántase a sesión, de todo o cal eu, como secretario accidental, dou fe.

Vº. e praxe  
O ALCALDE